

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE INMIGRANTES E RETORNADOS RIOPLATENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO DIRIXIDAS A EMIGRANTES RETORNADOS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Asociación de Inmigrantes e Retornados Rioplatenses o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que a Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, polo que non é posible promover a concorrència pública, baseándose no disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que o interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de ofrecer ás persoas emigrantes retornadas á Comunidade Autónoma a maior cobertura posible no seu proceso de retorno e adaptación á sociedade galega.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Asociación de Inmigrantes e Retornados Rioplatenses, que ten a súa sede social en Lugo, fundouse no ano 2007 co obxecto de manter a vixencia multicultural e a historia que une desde sempre aos pobos de Arxentina e Uruguai co pobo galego. É unha asociación sen ánimo de lucro que desenvolve accións destinadas a promover a inclusión social dos emigrantes retornados, procurar a súa formación profesional e traballar no asesoramento socio laboral do colectivo retornado.

Esta asociación está comprometida co estudo e rescate das tradicións culturais existentes e traballa pola consecución dun ambiente de intercambio cultural enriquecedor para todos e todas co desenvolvemento de distintos programas e actividades de tipo cultural. Tamén é de destacar a súa labor na defensa dos dereitos e na consecución dunha efectiva integración de determinados colectivos na nosa comunidade, polo que presta un servizo de asistencia socio-laboral e xurídica dirixido tamén aos emigrantes retornados levado a cabo por un equipo multidisciplinar para dar cobertura ás súas necesidades e demandas no proceso de retorno.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para o desenvolvemento de accións de información e asesoramento dirixidas a persoas galegas retornadas á Comunidade autónoma galega.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Para realizar as actividades descritas no presente convenio, a Secretaría Xeral de Emigración achegará unha contía global de cinco mil euros (5.000 €) con cargo a aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

